

Visto o expediente 186/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Núm. Expediente: 186/2026

Interesado: -----

Organismo: Concello de Arzúa

ANTECEDENTES

Primeiro. Con data 1.3.2026 o interesado formulou ante o Concello de Arzúa unha solicitude de acceso á información pública ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia (en diante, LTBG). A información solicitada era información financeira e contractual dende o 1.1.2019 ata a data da solicitude.

Segundo. Con data 7.4.2026, ante a falta de contestación expresa por parte do Concello de Arzúa, o interesado interpuxo unha reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia, que deu lugar ao expediente RSCTG 170/2026.

Terceiro. Con data 6.4.2026, a Alcaldesa do Concello de Arzúa ditou o Decreto da Alcaldía 227/2026 polo que se inadmitiu a solicitude de información solicitada por considerala abusiva nos termos establecidos no artigo 18.1 e) da LTAIP. O citado decreto foi remitido polo Concello á Comisión da Transparencia con data 21.4.2026 e recolleuse no expediente RSCTG 170/2026, sen que nel constase a oposición do interesado.

Cuarto. Con data 8.4.2026, o reclamante interpuxo unha reclamación ante a Comisión da Transparencia contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de acceso do 1.3.2026, establecida no Decreto da Alcaldía 227/2026. A citada reclamación deu lugar ao expediente RSCTG 186/2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da LTBG, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 23.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativos, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo.

[...]”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal *“A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”*¹.

¹ A referencia á Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derrogada, debe entenderse realizada á LPAC.

Terceiro. Acumulación expedientes RSCTG 170/2026 e RSCTG 186/2026

O artigo 57 da LPAC habilita ao órgano administrativo competente para acordar, de oficio ou por instancia de parte, a acumulación de procedementos que garden identidade substancial ou íntima conexión, sempre que teña competencia para tramitar e resolver os acumulados. A acumulación non é discrecional pura xa que esixe un dobre xuízo motivado de legalidade e oportunidade.

No suposto agora examinado, nos expedientes indicados, concorren os dous requisitos legais do artigo 57 da LPAC:

- Identidade substancial. Ambos os dous expedientes foron promovidos polo mesmo interesado (-----), refírense á mesma solicitude de acceso á información pública do 1.3.2026 e teñen idéntica pretensión (obter o pronunciamento desta Comisión sobre o acceso á información pública solicitada).
- Competencia do mesmo órgano. A Comisión da Transparencia de Galicia é o órgano competente para resolver ambas as dúas reclamacións.

Reforza esta conclusión o feito de que o Decreto 227/2026 foi incorporado polo Concello de Arzúa ao propio expediente RSCTG 170/2026 o 21.4.2026, de modo que o acto impugnado no expediente RSCTG 186/2026 xa forma parte do primeiro. Tramitar ambos os procedementos de forma separada supoñería, en consecuencia, pronunciarse dúas veces sobre a legalidade dun mesmo e único acto administrativo.

A acumulación é ademais oportuna por tres razóns:

- Evitar resolucións contraditorias. A acumulación persegue a congruencia na actuación administrativa, evitando pronunciamentos contraditorios que

resultan perturbadores para o quefacer administrativo e prexudiciais para os interesados.

- Plenitude do dereito de defensa dos interesados de cara a unha resolución única.
- Economía procesual e eficacia administrativa. A instrución separada implicaría duplicar actuacións sobre un material fáctico e xurídico absolutamente coincidente, en contra dos principios de eficacia e celeridade que presiden o procedemento administrativo.

En aras á seguridade xurídica das partes, esta Comisión tramitará a reclamación como impugnación fronte á resolución expresa (Decreto da Alcaldía 227/2026) no marco do expediente RSCTG 186/2026, que constitúe o fondo real do asunto, prescindindo da vía do silencio administrativo (que motivou o expediente RSCTG 170/2026) que quedou absorta por aquela. En consecuencia, a Comisión acorda de oficio a acumulación dos expedientes RSCTG 170/2026 e RSCTG 186/2026, continuando a tramitación baixo este último número por ser o que directamente impugna a resolución expresa do Concello.

Cuarto. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como *“A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo”*, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 20.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas se entenderán desestimadas.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP han de entenderse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición da reclamación no caso de

desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que *“Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo”*. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

A solicitude de acceso a información pública foi presentada o 1.3.2026. O Concello de Arzúa ditou unha resolución expresa de inadmisión a trámite da solicitude con data 6.4.2026. O interesado interpuxo en tempo e forma unha reclamación ante a Comisión da Transparencia con data 8.4.2026.

Quinto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105.b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, agás no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á pescuda dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo exercitable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

“El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, “Del Gobierno y de la Administración”, incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado

inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común , y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

[...]

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración”.

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e co principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, o dereito de acceso dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13.d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, “*o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico*”.

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois “*só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos*

falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a tódalas persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 da LATIP e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por “*información pública*” o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, defínea coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, engadindo que tamén se considerará información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e esténdese a todo tipo “*formato ou soporte*”. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza “*pública*” da información, cales son: a) que se atopen “*en poder*” dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas “*no exercicio das súas funcións*”.

A amplitude no recoñecemento legal do dereito de acceso foi tamén recoñecida na Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, segundo a cal:

“en la Ley 19/2013 queda reconocido el derecho de acceso a la información pública como un auténtico derecho público subjetivo, al establecer que “Todas las personas tienen

derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley" (artículo 12); que la Exposición de Motivos de la Ley configura de forma amplia ese derecho de acceso a la información pública, del que son titulares todas las personas, y que podrá ejercerse sin necesidad de motivar la solicitud; que este derecho solamente se verá limitado en aquellos casos en que así sea necesario por la propia naturaleza de la información -derivado de lo dispuesto en la Constitución Española- o por su entrada en conflicto con otros intereses protegidos; y, en fin, que, en todo caso, los límites previstos se aplicarán atendiendo a un test de daño (del interés que se salvaguarda con el límite) y de interés público en la divulgación (que en el caso concreto no prevalezca el interés público en la divulgación de la información) y de forma proporcionada y limitada por su objeto y finalidad".

Sexto. Análise do expediente. Análise da causa de inadmisión invocada.

Con data 1.3.2026, a persoa reclamante solicitou ao Concello de Arzúa diversa documentación contractual e financeira correspondente ao período comprendido entre o 1.1.2019 e a data de resposta da solicitude.

A solicitude de acceso á información pública refírese a documentación e información relacionada coa actividade económico-financieira municipal, os mecanismos de control interno e a execución de contratos de servizos municipais durante o período comprendido entre o ano 2019 e a actualidade.

En particular, a información solicitada concrétase nos seguintes bloques documentais:

"PRIMEIRO. RECOÑECEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO (REC)

Solicítase:

a) Relación íntegra dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito aprobados desde o ano 2019 ata a actualidade, con indicación da data de aprobación, órgano competente que adoptou o acordo, importe total aprobado e área ou servizo afectado.

b) Copia completa dos expedientes correspondentes, incluíndo, cando existan:

- *Proposta da área xestora.*
- *Informe da Intervención municipal.*
- *Informe da Secretaría municipal.*
- *Relación detallada das facturas incorporadas ao expediente, con identificación do provedor, concepto, período de prestación e importe.*
- *Acordo ou resolución adoptada.*

SEGUNDO. REPAROS, LEVANTAMENTOS DE REPARO E EXPEDIENTES CON OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA

Solicítase:

a) Relación dos reparos formulados pola Intervención municipal desde o ano 2019 ata a actualidade, indicando número de expediente, servizo ou contrato afectado, motivo do reparo e contía económica asociada, se a houber.

b) Copia dos informes de reparo emitidos, así como das resolucións, acordos ou actos administrativos mediante os que se producise o levantamento do reparo ou se adoptasen acordos contrarios ao criterio da Intervención.

c) Relación dos expedientes tramitados con omisión de fiscalización previa durante o mesmo período.

d) Copia da documentación elaborada en cumprimento do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais relativa a:

- *Acordos adoptados en contra dos reparos formulados.*
- *Expedientes con omisión de fiscalización previa.*
- *Anomalías detectadas en materia de ingresos.*

TERCEIRO. CONTRATOS DE SERVIZOS PRORROGADOS OU EN CONTINUIDADE

Solicítase:

a) Relación dos contratos de servizos municipais que, desde o ano 2019:

- *Fosen obxecto de prórroga expresa.*
- *Se atopen actualmente prorrogados.*
- *Continuasen executándose unha vez vencido o prazo contractual.*
- *Superasen a duración inicialmente prevista, incluídas as súas prórrogas.*

b) Respecto de cada contrato identificado:

- *Número de expediente.*
- *Servizo afectado e entidade adxudicataria.*
- *Data de formalización.*
- *Data de vencemento inicial.*
- *Duración total acumulada.*
- *Copia do acordo ou decreto de prórroga ou continuidade.*
- *Informe xurídico emitido ao respecto.*
- *Informe de Intervención ou documentación de fiscalización correspondente.*

CUARTO. ACORDOS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS

Solicítase relación e copia dos acordos adoptados polo Pleno municipal ou pola Xunta de Goberno Local nos que se aprobasen:

- *Recoñecementos extraxudiciais de crédito.*
- *Prórrogas ou continuidades de contratos de servizos.*

- *Levantamentos de reparo ou acordos contrarios aos reparos formulados pola Intervención.*
- *Regularizacións derivadas de expedientes con omisión de fiscalización previa.*

QUINTO. CERTIFICACIÓN DE INEXISTENCIA

Para o suposto de que non existisen expedientes, contratos, acordos ou actuacións comprendidas nalgún dos apartados anteriores, solicítase a emisión dunha certificación ou declaración expresa acreditativa da súa inexistencia.

A solicitude límitase estritamente á documentación relacionada cos contratos de servizos municipais e cos mecanismos de control interno asociados, sen pretender o acceso masivo ou indiscriminado á totalidade da contratación municipal, resultando plenamente identificados os documentos e expedientes aos que se refire. Solicítase, ademais, a súa remisión en formato electrónico, con identificación clara do expediente ao que corresponda cada documento”.

Con data 7.4.2026, o Concello de Arzúa notificou ao interesado o Decreto da Alcaldía 227/2026, do 6.4.2026, inadmitindo a solicitude de acceso á información pública, con base no disposto na letra e) do artigo 18.1 da LTAIP. Os fundamentos xurídicos invocados para o caso concreto polo Concello recóllense a continuación:

“(...) No caso que nos ocupa, preséntase un único escrito no que se pide información relativa a un período de tempo moi longo que comprende varios anos (7 anos), solicitando información sobre unha cantidade enorme de datos e cun elevar grao de detalle. En efecto, pídesse información con nun grao de detalle elevar dos contratos de servizos desde hai 7 anos (uns 600 aproximadamente), dos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de crédito tamén dende fai uns 7 anos (uns 18 aproximadamente) e de toda a información vinculada aos mesmos (informes de intervención, reparos, contías, motivos, servizo ou contrato afectado, levantamentos de reparos ou acordos adoptados contrarios aos mesmos, relación de expedientes afectados con omisión de fiscalización previa, informes de secretaría, tamén desde hai

7 anos, información das facturas afectadas (unhas 6.000), etc...; todo iso, previa revisión para garantir a protección de datos.

(...) No presente caso, é coñecida, a través de publicación na Voz de Galicia (9.01.2026), a imputación do solicitante por delito de prevaricación a pena de 10 anos de inhabilitación, así como a afirmación do mesmo, segundo o devandito artigo xornalístico de que" espero que a fiscalía investigue así ao 90% dos Concellos de Galicia". E, así, este Concello ten noticias de que este mesmo escrito con petición de información remitiuse a moito Concellos".

O concello entende que a solicitude de acceso presenta un carácter abusivo porque:

- Incorre no concepto de abuso de dereito previsto na normativa civil.
- De ser atendida levaría consigo a paralización da xestión do resto de servizos públicos.
- Falta de boa fe do peticionario da solicitude.

A continuación analízase, con carácter xeral, a causa de inadmisión invocada polo Concello, xunto cos requisitos esixibles para a súa apreciación, para determinar despois se resultan aplicables aos bloques de información solicitados polo interesado:

a) Marco xeral sobre a causa de inadmisión invocada: interpretación restritiva e carga da motivación

O artigo 18.1, e) da LTAIP dispón:

"Inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

e) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta lei".

A Sentenza do Tribunal Supremo do 16.10.2017, rec. 75/2017, fixou os principios que deben guiar a interpretación desta causa de inadmisión:

“La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013 como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información.

Por ello, la causa de inadmisión de las solicitudes de información que se contempla en el artículo 18.1.c) de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, no opera cuando quien invoca tal causa de inadmisión no justifique de manera clara y suficiente que resulte necesario ese tratamiento previo o reelaboración de la información.

Asimismo, la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración o entidad a la que se solicita información, pues aquél es un derecho reconocido de forma amplia y que sólo puede ser limitado en los casos y en los términos previstos en la Ley ...”.

Polo tanto, a inadmisión das solicitudes de acceso esixe cumprir cos seguintes requisitos:

- i) a inadmisión ha de basearse nalgunha das causas establecidas, con carácter *numerus clausus*, na LTAIP;
- ii) as causas de inadmisión deben ser interpretadas restritivamente, dada o amplo recoñecemento do dereito de acceso;
- iii) quen invoca a causa de inadmisión ten a carga de xustificar de xeito claro e suficiente a súa concorrencia.

Sobre este terceiro requisito, a Sentenza do Tribunal Supremo do 11.6.2020, rec. 577/2019, precisou que a motivación esixe unha *“justificación expresa y*

detallada que permita controlar la veracidad y proporcionalidad de la restricción establecida”.

b) Causa de inadmisión por solicitude abusiva. Aplicación ao suposto concreto.

Na esexese desta causa de inadmisión é obrigado tomar en consideración o Criterio interpretativo 3/2016, do 14 de xullo, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno (en diante, CTBG). O citado criterio establece que unha solicitude adquire carácter abusivo cando a súa atención esixa un esforzo que exceda a capacidade ordinaria dos servizos do suxeito obrigado, ata o punto de comprometer o funcionamento normal da Administración e a atención equitativa do resto da cidadanía. Neste sentido, o carácter abusivo non deriva necesariamente da intencionalidade do solicitante, senón do efecto obxectivo que a atención da petición produciría sobre a capacidade funcional do órgano requirido.

O ordenamento xurídico non tolera que o dereito de acceso á información (previsto para o escrutinio da acción pública) se converta nun instrumento de perturbación do funcionamento administrativo. Así o recoñece implicitamente o CTBG cando vincula o carácter abusivo non á vontade do solicitante, senón ao impacto obxectivo e verificable que a solicitude proxecta sobre os recursos da Administración.

No suposto agora examinado, á vista dos elementos de xustificación expostos na resolución da Alcaldía do Concello de Arzúa, pode concluírse que a inadmisión da solicitude ao abeiro do artigo 18.1.e) da LTAIP se encontra suficientemente motivada, por canto se xustifica que estamos ante *“un único escrito no que se pide información relativa a un período de tempo moi longo que comprende varios anos (7 anos), solicitando información sobre unha cantidade enorme de datos e cun elevar grao de detalle. En efecto, pídesse información con*

nun grao de detalle elevar dos contratos de servizos desde hai 7 anos (uns 600 aproximadamente), dos expedientes de recoñecemento extraxudiciais de crédito tamén dende fai uns 7 anos (uns 18 aproximadamente) e de toda a información vinculada aos mesmos (informes de intervención, reparos, contías, motivos, servizo ou contrato afectado, levantamentos de reparos ou acordos adoptados contrarios aos mesmos, relación de expedientes afectados con omisión de fiscalización previa, informes de secretaría, tamén desde hai 7 anos, información das facturas afectadas (unhas 6.000), etc...; todo iso, previa revisión para garantir a protección de datos". Esta circunstancia determina por si mesma que, de ser atendida a solicitude, esta levaría consigo a paralización do resto de servizos do Concello.

Agora ben, dito o que precede, respecto do outro fundamento invocado polo Concello para xustificar o carácter abusivo da solicitude (finalidade da solicitude do reclamante como allea á perseguida pola LTAIP, xustificada coa achega dunha noticia de prensa), cómpre sinalar que, moi probablemente, a situación persoal do interesado foi o que determinou a presentación da súa solicitude de acceso. Non obstante, tal e como indicou a Sentenza do Tribunal Supremo do 12.12.2020, rec. 5239/2019, tomando en consideración o disposto no Convenio do Consejo de Europa sobre o acceso a documentos públicos do 18 de xuño de 2009 (ratificado polo Estado español o 21.11.2021) e no artigo 17.3 da LTAIP, *"la expresión en una solicitud de una justificación basada en intereses ´meramente privados´[...] tampoco puede por si sola ser causa de rechazo de la solicitud, salvo que concurran otras circunstancias como, por ejemplo, el carácter abusivo de la solicitud no justificado con la finalidad de transparencia de la ley".* Desta circunstancia tira o Tribunal a consecuencia de que *"entre las causas de inadmisión del artículo 18, entre las mismas no se incluye la persecución de un interés meramente privado"* e isto porque, como recoñeceu o CTBG, entre outras, na Resolución 1187/2023, a existencia dun interese particular do

solicitante resulta compatible coa finalidade de escrutinio da actuación dos poderes públicos.

Deste xeito, aínda que, tal e como recolle a noticia de prensa que achega o Concello, a solicitude do reclamante tivese como finalidade acreditar que a prórroga e continuidade dos contratos administrativos, máis aló da súa duración máxima prevista, é unha práctica común nos concellos de Galicia, este interese particular non resulta por si mesmo contrario nin incompatible coa finalidade de coñecer cal sexa o funcionamento das institucións públicas, que é precisamente a finalidade do dereito de acceso regulado na LTAIP e LTBG.

Sentadas as premisas anteriores, o carácter restritivo co que deben apreciarse as causas de inadmisión, esixe deslindar, dentro da solicitude de acceso do interesado, aquela información cuxo acceso comportaría unha carga de traballo inasumible para o persoal do Concello, daqueloutra información que a Administración municipal xa ten que ter identificada e localizada, polo que o acceso do interesado a aquela non comportaría o risco dunha paralización ou menoscabo no funcionamento do Concello. En concreto, polo que respecta á relación completa dos reparos de Intervención, aos expedientes de levantamento de reparos, aos expedientes íntegros de omisión de fiscalización previa e de recoñecementos extraxudiciais de crédito, de existir esta información, haberá de concederse o acceso na medida na que esta xa fose recadada e sistematizada polo Concello de Arzúa para a súa remisión ao Consello de Contas e Tribunal de Cuentas, e estea parametrizada informaticamente.

Por último, e polo que atinxe á solicitude de certificación ou declaración expresa da inexistencia de calquera dos extremos cuxo acceso se solicitou, ha de sinalarse, tal e como defende o Concello na resolución ditada, que a emisión de certificacións tamén excede do obxecto propio do dereito de acceso, pois comporta a xeración dun documento novo, extremo non incluído no concepto de

información pública que delimita o artigo 13 da LTAIP e que parte da preexistencia da información.

Neste mesmo sentido se pronunciou o CTBG, podendo citarse, por todas, as Resolucións 1331/2024 ou 378/2022, sinalando esta última como a LTAIP non ampara *“solicitudes de información que, en realidad, pretenden la obtención certificaciones, como acontece en este caso, puesto que tales certificaciones tienen la consideración de actos futuros en el sentido de que deben producirse o elaborarse expresamente, de forma diferenciada del contenido o acto que certifican, como consecuencia de la petición que se formule”*.

Distinto, cómpre sinalar, é o caso no que a persoa interesada solicite unha mera declaración de inexistencia de determinada información, pois neste suposto o obxecto do dereito de acceso non é un acto futuro, senón, unicamente, a indicación da inexistencia de determinada información.

Así as cousas, esta Comisión ha de recoñecer tamén o dereito de acceso do reclamante á información sobre a existencia, ou non, da diversa información relacionada na súa solicitude do 1.3.2026.

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

A C O R D A

Primeiro: A acumulación dos expedientes RSCTG 170/2026 e RSCTG 186/2026, ao abeiro do disposto no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por concorrer os requisitos legais esixidos para tal fin. A tramitación continuará baixo o número de expediente RSCTG 186/2026, por ser o que directamente impugna

a resolución expresa do Concello de Arzúa (Decreto da Alcaldía 227/2026), quedando o expediente RSCTG 170/2026 absorto nel.

Segundo: Desestimar, nos termos e coas excepcións indicadas nesta resolución, a reclamación presentada por ----- contra a inadmisión da súa solicitude de acceso á información pública formulada o ante o Concello de Arzúa.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Andrés Lago Louro

Presidente da Comisión da Transparencia.